

París, 17 de decembro de 1706 – Lunéville, 10 de setembro de 1749

Seus pais foron Gabrielle Anne de Froulay e Louis-Nicolas Le Tonnelier de Breteuil, barón de Preuilly. A súa foi unha familia aristocrática que promovía no seu domicilio unha grande actividade cultural impulsada por ilustres visitantes dos ámbitos cultural e científico.



Gabrielle Emile
Le Tonnelier de Breteuil

Seu pai fixo que tivese unha importante educación, en pé de igualdade coa que recibiron os seus irmáns varóns.

Deste xeito, aos doce anos falaba inglés, italiano, español, alemán, traducía textos en latín e grego e tiña feitos importantes avances no estudo das matemáticas e da metafísica, ademais de tocar o clavecín.

Foi presentada na corte coa idade de dezaseis anos, e aos dezanove xa estaba casada con Florent Claude, marqués de Châtelet, que era once anos maior que ela. Este matrimonio foi de interese e non por amor, onde o marido sabía da súa capacidade intelectual e o non lle puxo ningunha traba nese sentido. Con el tivo tres fillos, pero tiña fama de libertina.

Tivo varios amantes, entre os que destacou Voltaire. Viviron xuntos no castelo de Cirey-Blaise, propiedade do Marqués de Châtelet. Esta residencia converteuse nun gran centro cultural no que traballaron e estudaron intelectuais de toda Europa.

Tratou a personalidades moi relevantes do campo das matemáticas como Clairault, Maupertuis, König, Daniel Bernoulli, Leonard Euler ou Bufón.

Algúns dos seus traballos:
Dissertation sur la nature et propagation du feu.

Discurso sobre a felicidade.
As institucións da física.

Unha das súas máis importantes contribucións á historia da ciencia foi realizar a tradución do latín ao francés dos *Principia Matemática* de Isaac Newton.

